galicia

CONCELLO de R A M I R A S

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Isabel Gil Álvarez (1 para 2)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: a9ecb34bc8e859b76f27a61d658f35ac

MARIA DEL CARMEN VILA DIAZ (2 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: 5f35ff4ebd6837fdd4255599b8366896b

Expediente núm.: 477/2026
Resolución da Alcaldía
Asunto: Concesión de subvención nominativa á Asociación Rebulir 2026

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a solicitude de D. ª Sandra González Sousa, en calidade de presidenta da "Asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional"**,** CIF G32378960 para a colaboración económica do Concello de Ramirás co obxecto de financiar os gastos de organización de actividades durante o ano 2026, por importe de 3.000 €.

Adxuntan á solicitude unha memoria descritiva, orzamento de ingresos e gastos, declaración de axudas, compromiso de aplicar os fondos ó fin para o que se solicitan e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social e contrato de conta bancaria.

Visto que no Orzamento Municipal aprobado para o ano 2026 consta unha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Rebulir con CIF G32378990 para actividades do ano 2026.

Visto a subvencion nominativa recollida nas bases de execución do orzamento 2026:

"Subvención nominativa: Asociación Cultural Rebulir
Obxectivos: *Colaborar no financiamento das actividades de tipo cultural que realiza a Asociación Cultural Rebulir por ser xunto coa Banda de música de Ramirás as únicas asociacións de tipo cultural do Concello.*
Efectos pretendidos: *Promoción da cultura entre a veciñanza co achegamento da música e baile tradicional e de atracción de visitantes, e de fomento da actividade económica.*
Destinatario: *Asociación Cultural Rebulir*
Custe: *3.000,00 euros*
Financiamento: *Fondos propios con cargo á partida 334.48*
Plan de acción: *Concesión de forma directa de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."*

Visto o expediente tramitado e examinada a documentación que consta no expediente de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Outorgar a subvención directa nominativa con cargo á aplicación 334.48 a favor de Asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional**,** CIF G32378960 para a colaboración económica do Concello de Ramirás co obxecto de financiar os gastos de organización de actividades durante todo o ano 2026, por importe de 3.000 €.

DECRETO Número: 2026-0588 Data: 10/11/2026

Cod. Validación: 69ZXDTM6AY3MZG7QWRX9ENHXC
Corrección: https://ramiras.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

CONCELLO de R A M I R A S

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

SEGUNDO. Formalizar a subvención no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, que se adxunta a esta Resolución.

TERCEIRO. Aprobar e dispor o gasto correspondente por importe de 3.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.48.

CUARTO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 31 de decembro de 2026.

QUINTO. Remitir a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ramirás, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa-Presidenta
Asdo. Isabel Gil Álvarez

A Secretaria-Interventora
Asdo. Maria del Carmen Vila Diaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0588 Data: 10/11/2026

Cod. Validación: 69ZXDTM6AY3MZG7QWRX9ENHXC
Corrección: https://ramiras.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2